

BANDO

D. Santiago Manuel Toba Campaña, Alcalde do Concello de Muxía

FAGO SABER:

Á VECIÑANZA, que ante a preocupante situación xerada pola crise do COVID-19, este Concello adopta as seguintes medidas:

- A suspensión de todas as actividades municipais deportivas, culturais e de servizos sociais ata o día 31 de marzo e condicionado á evolución da enfermidade.
- Determinar que a atención ao público nas dependencias municipais limitárase a causas de extrema necesidade, chamando previamente ao tlf. 981 742 001.

As xestións precisas poden realizarse por vía telefónica (981 742 001), ou a través da sede municipal.

- Peche de todas as instalacións municipais: polideportivo, biblioteca, Edif. Servizos Múltiples, etc.
- Suspensión das actividades, cursos, talleres e similares que, por parte de asociacións, agrupacións, veciños/as, etc. se leven a cabo en instalacións ou edificios municipais.

RECOMÉNDASE:

- Evitar as aglomeracións, realizar viaxes e desprazamentos, salvo que sexan imprescindibles.
- Seguir as instrucións ditadas polo Ministerio de Sanidade e Consellería de Sanidade.

PEDIMOS A MÁXIMA COLABORACIÓN A VECIÑOS E VECIÑAS PARA, ENTRE TODOS/AS LOGRAR SUPERAR ESTA CRISE.

Muxía, 13 de marzo de 2020

O Alcalde.- Santiago M. Toba Campaña